



Oportunidades para o monte galego nun futuro sostible

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

1.- Sostibilidade e conservación no sector forestal

No mundo forestal, a práctica da sostibilidade era xa unha realidade moito antes de que fora definida no século XX, como ben se pode apreciar na *Enciclopedia de Diderot*, de 1786, na que Le Roy, garda dos xardíns de Versalles, afirmaba: «En todas as idades sentiuse a importancia de preservar os bosques... Se se explotan para atender as necesidades presentes, tamén hai que conservalos e facer plans con anterioridade para as xeracións futuras». Posteriormente fíxose evidente que os bosques tiñan máis funcións ca a produción de madeira, como eran a provisión de froitos como landras e castañas e o de ser lugar para a alimentación do gando menor, así como para regulación e conservación da auga. A partir da segunda metade do XIX tamén comezou a ser valorado como un espazo de contemplación e lecer e xa ben andado o século XX como soporte da diversidade biolóxica e regulador do clima. Un paso importante para a valoración dos usos múltiples deuse a partir da introdución do concepto dos Servicios Ecosistémicos (Constanza et al. 1997), que son aqueles beneficios que un ecosistema achega á sociedade e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida das persoas. E, aínda que hai moitas clasificacións, unha relativa aos ecosistemas forestais (Díaz-Fierros, F., 2022) distribuíraos en :

- a) Servizos de aprovisionamento, como a madeira, a enerxía, os fertilizantes, as medicinas, etc.
- b) Servizos de regulación, como a calidade do aire e da auga, a regulación de caudais, a prevención da erosión do solos, a polinización, etc.